

ORDENANZA FISCAL nº 34
REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE TELEFONÍA MÓBIL

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, o Concello de Pobra do Caramiñal establece a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no voo, solo e subsolo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil, que afectan á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa regulada na presente Ordenanza, a utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local constituído no voo, solo e subsolo de vías públicas municipais ou outros terreos públicos a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

2. O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de subministración débense utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupan o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular daquelas.

Artigo 2. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuínte as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria titulares das empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

Considéranse prestados dentro do termo municipal todos os servizos que, pola súa natureza dependan do aproveitamento do voo, o solo ou o subsolo da vía pública ou estean en relación cos mesmos.

Artigo 3. Responsábeis.

Os supostos de responsabilidade, xa sexan subsidiaria ou solidariamente, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Exencións e bonificacións.

Non se concederán mais exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas da aplicación de Tratados Internacionais.

Artigo 5 . Base imponible.

A base imponible desta taxa a constitúe os ingresos brutos atribuídos ás empresas de telefonía móbil no Concello de Pobra do Caramiñal, establecéndose para o exercicio 2010 ingresos brutos atribuídos en 2.408.021,96 euros.

Artigo 6. Tipo de gravame e cota tributaria.

O tipo de gravame é do 1,5% da base imponible definida no artigo anterior.

Para determinar a contía da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial dos servizos de telefonía móbil instalados neste Concello e a delimitación individualizada para cada operador, aplicarase a fórmula de cálculo seguinte:

$$\text{COTA TRIBUTARIA} = \text{TB} \times \text{CE}$$

Na que TB é a tarifa básica por ano (36.120,33 euros = base imponible * tipo de gravame)

E CE é o coeficiente específico atribuíble a cada operador segundo a súa cota de mercado no Concello. Este coeficiente específico atribuíble a cada operador obterase a partir da cota total de mercado de telefonía móbil que lle corresponda a cada operador no Concello de Pobra do Caramiñal, incluíndo todas as súas modalidades tanto a de postpago como a de prepago, segundo se especifica no artigo 8 da presente ordenanza.

Artigo 7. Período impositivo e devengo da taxa.

1. O período impositivo coincide co ano natural salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación da subministración ou servizo, casos en que procederá aplicar o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar a alta.

b) En caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.

2. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza nace nos intreos seguintes:

a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no intre de solicitar a licenza correspondente.

b) Cando o goce do aproveitamento especial a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, dende o momento en que se iniciou o citado aproveitamento. Para ese efecto, enténdese que comezou o aproveitamento especial cando se inicia a prestación de servizos aos usuarios que o soliciten.

3. Cando os aproveitamentos especiais do chan, subsolo ou voo das vías públicas prolongáanse durante varios exercicios, o devengo da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

Artigo 8. Xestión.

Para calcular o coeficiente específico atribuíble a cada operador, os suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza presentarán no Rexistro Xeral deste Concello antes do 31 de marzo seguinte ao ano natural o que se refire, declaración comprensiva dos ingresos brutos obtidos no exercicio incluíndo, tanto os servizos de prepago como de postpago obtidos no termo municipal, que se achegará coa certificación dos feitos concretos expedida polos auditores da empresa na cal

se reflectan os ingresos brutos do exercicio sometido a tributación, e copia autorizada do balance e memoria do exercicio.

A falta de declaración por algunha das operadoras facultará ao Concello para proceder á cuantificación da taxa en función da cota de mercado dos ingresos que resulten, para cada operador, do último informe anual publicado pola Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones desagregados para o Concello se constan nel, ou os agregados pola Comunidade Autónoma de Galicia ou, polo conxunto nacional total, no seu defecto.

No caso de que a cota de mercado non se poida calcular en función dos ingresos, calcularase supletoriamente pola cota de mercado do total das liñas tanto na modalidade prepago como postpago dispoñibles.

Aos efectos do cálculo do coeficiente específico non se terán en conta aquelas operadoras cuías cotas de mercado sexan inferiores ao 1%, calculándose a cota de mercado en función dos operadores que teñan unha cota superior do citado 1%.

O Concello practicará a liquidación definitiva que será notificada ao suxeito pasivo que ingresará o importe da débeda tributaria pendente de ingreso nos prazos establecidos na Lei xeral tributaria.

As empresas suxeitas a esta taxa, deberán autoliquidar e ingresar unha vez finalizado cada trimestre natural, e dentro dos 20 días naturais posteriores á finalización do mencionado periodo, e nos modelos que no seu caso se aproben en desenvolto da presente ordenanza a cantidade resultante de aplicar a 9.030,10 euros o coeficiente específico resultante do informe anual da Comisión de Mercado de las Telecomunicaciones para o exercicio 2008. Para o exercicio 2010, e de conformidade cos datos extraídos no citado informe, establécense as seguintes cotas trimestrais:

Operadora	Coeficiente específico final (CMT 2008)	Cota trimestral (€)
Telefónica Móviles	49,59%	4.478
Vodafone	33,59%	3.033,21
Orange	16,82%	1.518,86